Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 26/11/2024 12:02:33
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 122
26 de novembro de 2024

CSV: BOPGDSPG-PUJJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO


## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
**1.1.2. Propostas de normas**
**1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei**
**1.1.2.1.1. Proxectos de lei**

▌ Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. 50505

### 1.3. Procedementos de control e impulso
**1.3.6. Proposicións non de lei**
**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**
**1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

**Rexeitamento da iniciativa**

▌ **2170 (12/PNC-000279)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en materia de axudas e políticas de apoio ao autoconsumo enerxético 50506

▌ **7017 (12/PNC-000815)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación co establecemento de medidas de dinamización do comercio local que avoguen por premiar as persoas consumidoras del 50506

▌ **13885 (12/PNC-001345)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**
Sobre a demanda ao Goberno galego, co fin de evitar accidentes como o acontecido no estaleiro Blascar, de Ferrol, da promoción dunha cultura de máxima intolerancia cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais 50506

### 1.4. Procedementos de información
**1.4.5. Respostas a preguntas**

**Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

▌ **14327 - 5453 (12/PRE-000573)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**


CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Vidal Lamas, Sonia e 4 máis**
Sobre as repercusións dos cambios introducidos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas 50514

**14504 - 5781 (12/PRE-000610)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
Sobre a eventual colaboración do Goberno galego na obra de rehabilitación da Praza de Abastos número 1 da cidade de Ourense, os datos referidos a esas posibles achegas e a relación que mantén co Concello de Ourense en relación con este proxecto 50518

**14326 - 5804 (12/PRE-000613)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e 4 máis**
Sobre os convenios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cos concellos de Leiro e San Amaro destinados, respectivamente, a actuacións arqueolóxicas e a fins deportivos 50521

**14325 - 6335 (12/PRE-000660)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Suárez Fernández, Iago e 2 máis**
Sobre a situación en que se atopa o regadío do Val de Lemos e sobre a petición de colaboración que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno estatal e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para levar a cabo as melloras oportunas, así como sobre a posibilidade de condonar a débeda aos regantes 50524

**14503 - 6496 (12/PRE-000680)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios 50527

**14451 - 6494 (12/PRE-001529)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais 50529

**14450 - 6495 (12/PRE-002319)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios 50531

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**14324 - 8712 (12/PRE-002373)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan integral de discriminación positiva para acadar un desenvolvemento territorial máis equilibrado e sustentable a longo prazo 50533

**14323 - 10371 (12/PRE-002447)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre a situación que está a vivir o sector do transporte de viaxeiros en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a transparencia, o deseño e a execución dos contratos do transporte público por estrada 50535

**14322 - 10506 (12/PRE-002463)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**
Sobre o atraso da Xunta de Galicia na remisión ao Goberno central do proxecto para a execución das obras de limpeza da canle principal e das secundarias da lagoa de Antela, as súas razóns e a súa incidencia no sector primario da comarca 50538

**14321 - 10642 (12/PRE-002474)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna e 4 máis**
Sobre a situación dos produtores de leite galegos respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos e as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego co fin de que a industria transformadora xere maior valor engadido en Galicia 50540

**14502 - 10745 (12/PRE-002481)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**
Sobre o eventual cumprimento en 2024 por parte do Goberno galego das recomendacións do último informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas, así como os compromisos que pensa adquirir para a mellora da transparencia deste servizo e das súas entidades dependentes 50544

**14320 - 10980 (12/PRE-002504)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**
Sobre o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca 50546

**14319 - 11284 (12/PRE-002537)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e 2 máis**

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a entrega dos títulos definitivos da concentración parcelaria de Carnés e Cereixo, Vimianzo, e as consecuencias das demoras, así como as previsións da Xunta de Galicia verbo do remate da concentración parcelaria nestas zonas 50549

**14449 - 11374 (12/PRE-002545)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e 4 máis**
Sobre a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo, as consecuencias da súa carencia para as explotacións agrarias da comarca e as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura dunha vacante de persoal administrativo 50551

**14448 - 11425 (12/PRE-002551)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**
Sobre a eventual axuda da Xunta de Galicia á compra de equipos informáticos no ámbito rural, especialmente para as explotacións agrarias e gandeiras, a formación dos interesados mediante cursos e a permanencia da tramitación presencial nas oficinas agrarias 50553

**14447 - 11496 (12/PRE-002561)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e 4 máis**
Sobre a autorización da variedade de uva godello na denominación de orixe Rueda, na comunidade de Castela e León, as posibles repercusións no sector vitícola galego e a postura e as xestións da Xunta de Galicia ante este feito 50556

**14446 - 11641 (12/PRE-002577)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da posibilidade de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira 50559

**14318 - 11749 (12/PRE-002581)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto das declaracións do presidente da Xunta relativas á violencia machista recollidas após a reunión do Consello da Xunta de Galicia do 23 de setembro de 2024 50561

**14445 - 11791 (12/PRE-002582)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez López, José Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre o criterio que ten a Xunta de Galicia respecto da necesidade de ampliación da planta do partido xudicial de Carballo e do incremento do cadro de persoal dos seus xulgados 50564

**14444 - 11804 (12/PRE-002584)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Fernández Fernández, Secundino e 5 máis**
Sobre a situación da Oficina Agraria Comarcal da Pobra de Trives no referido á súa dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes 50566

**14443 - 11862 (12/PRE-002592)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e 5 máis**
Sobre a situación da Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas no referido á dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes 50568

**14317 - 12037 (12/PRE-002610)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar, a formación en igualdade das persoas que prestan neles os seus servizos e as previsións da Xunta de Galicia relativas á ampliación da rede 50570

**14316 - 12085 (12/PRE-002615)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis**
Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira, as inspeccións realizadas neste centro pola Consellería de Política Social e Igualdade e a súa postura ante a posibilidade de cambio de modelo no servizo de comedor 50574

**14442 - 12253 (12/PRE-002626)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**
Sobre os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas 50577

**14441 - 12290 (12/PRE-002631)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e 4 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás axudas de 2024 destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias e á incorporación de xente nova ao sector, así como no referido á convocatoria de 2025 50579

**14501 - 12880 (12/PRE-002674)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis**
Sobre o grao de desenvolvemento da atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista e o cumprimento do artigo 25 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 50581

**14500 - 13019 (12/PRE-002688)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**
Sobre o número de persoas beneficiarias, as contías e a distribución xeográfica do Bono Coidado no Fogar 50584

**14499 - 13024 (12/PRE-002689)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**
Sobre o atraso na publicación das memorias anuais da Consellería de Política Social e Igualdade 50586

**14498 - 13033 (12/PRE-002691)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
Sobre a titularidade e o tipo de xestión que a Xunta de Galicia vai garantir no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense 50588

**14439 - 13115 (12/PRE-002702)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego orientadas a afrontar os danos producidos no sector agrario da Limia polas condicións meteorolóxicas deste ano 50590

**14497 - 13126 (12/PRE-002704)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación cos compromisos que adoptou respecto da aprobación dun estatuto e do impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega 50592

**14496 - 13134 (12/PRE-002705)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre a acumulación da dobre discriminación, por idade e por xénero, que sofren as mulleres maiores e as medidas que está a tomar o Goberno galego dirixidas a mellorar a súa calidade de vida 50594

**14315 - 13564 (12/PRE-002750)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais 50597

**14495 - 13719 (12/PRE-002769)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel e 3 máis**
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da acreditación obrigatoria do nivel de coñecemento da lingua galega para optar á contratación laboral temporal na súa propia administración, a eventual retirada deste requisito a través da Lei de acompañamento e a implicación que isto tería na promoción da igualdade do galego 50600

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 14314 - 13889 (12/PRE-002793)
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis**
Sobre a sinistralidade laboral no estaleiro Blascar, situado na Graña, concello de Ferrol, e a valoración que fai a Xunta de Galicia do accidente acontecido o 4 de outubro 50602

### 14528 - 13971 (12/PRE-002806)
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estudos, plans, política de información e cumprimento de normativas respecto do problema de saúde pública que supón a presenza de gas radon no territorio galego 50607

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios
## 1.1. Procedementos de natureza normativa
## 1.1.2. Propostas de normas
## 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
## 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Designación da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e da Ponencia que deberá emitir informe sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.**

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 25 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:
Designación da Ponencia

- 13638 (12/PL-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
BOPG nº 104f1, do 19.10.2024

G. P. Popular de Galicia: Alberto Pazos Couñago (titular) e Cristina Sanz Arias (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Noa Olalla Presas Bergantiños (titular) e Olalla Rodil Fernández (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia: María Elena Espinosa Mangana (titular) e Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autonoma de Galicia para o ano 2025
Patricia Iglesias Rey (suplente)

G. P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular)

- 13639 (12/PL-000005)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas
BOPG nº 104f2, do 19.10.2024

G. P. Popular de Galicia: Julio García Comesaña (titular) e Paula Prado del Río (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández (titular) e Noa Olalla Presas Bergantiños(suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia: Patricia Iglesias Rey (titular) e María Elena Espinosa Mangana (suplente)

G. P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular)

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 22 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

**Rexeitamento da iniciativa**

- 2170 (12/PNC-000279)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en materia de axudas e políticas de apoio ao autoconsumo enerxético
BOPG nº 20f2, do 02.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 7017 (12/PNC-000815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación co establecemento de medidas de dinamización do comercio local que avoguen por premiar as persoas consumidoras del
BOPG nº 60, do 05.08.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 13885 (12/PNC-001345)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e dous deputados/as máis
Sobre a demanda ao Goberno galego, co fin de evitar accidentes como o acontecido no estaleiro Blascar, de Ferrol, da promoción dunha cultura de máxima intolerancia cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais
BOPG nº 112f1, do 05.11.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 18 de novembro de 2024, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

### Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 14327 - 5453 (12/PRE-000573)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre as repercusións dos cambios introducidos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas
BOPG nº 38, do 13.06.2024

- 14504 - 5781 (12/PRE-000610)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a eventual colaboración do Goberno galego na obra de rehabilitación da Praza de Abastos número 1 da cidade de Ourense, os datos referidos a esas posibles achegas e a relación que mantén co Concello de Ourense en relación con este proxecto
BOPG nº 41, do 20.06.2024

- 14326 - 5804 (12/PRE-000613)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 4 máis
Sobre os convenios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cos concellos de Leiro e San Amaro destinados, respectivamente, a actuacións arqueolóxicas e a fins deportivos
BOPG nº 45f1, do 01.07.2024

- 14325 - 6335 (12/PRE-000660)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a situación en que se atopa o regadío do Val de Lemos e sobre a petición de colaboración que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno estatal e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para levar a cabo as melloras oportunas, así como sobre a posibilidade de condonar a débeda aos regantes
BOPG nº 47f2, do 04.07.2024

- 14503 - 6496 (12/PRE-000680)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios
BOPG nº 49f2, do 10.07.2024

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 14451 - 6494 (12/PRE-001529)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais

- 14450 - 6495 (12/PRE-002319)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios

- 14324 - 8712 (12/PRE-002373)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan integral de discriminación positiva para acadar un desenvolvemento territorial máis equilibrado e sustentable a longo prazo
BOPG nº 71, do 26.08.2024

- 14323 - 10371 (12/PRE-002447)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a situación que está a vivir o sector do transporte de viaxeiros en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a transparencia, o deseño e a execución dos contratos do transporte público por estrada
BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 14322 - 10506 (12/PRE-002463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o atraso da Xunta de Galicia na remisión ao Goberno central do proxecto para a execución das obras de limpeza da canle principal e das secundarias da lagoa de Antela, as súas razóns e a súa incidencia no sector primario da comarca
BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 14321 - 10642 (12/PRE-002474)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 4 máis
Sobre a situación dos produtores de leite galegos respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos e as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego co fin de que a industria transformadora xere maior valor engadido en Galicia
BOPG nº 90f1, do 24.09.2024

- 14502 - 10745 (12/PRE-002481)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre o eventual cumprimento en 2024 por parte do Goberno galego das recomendacións do último informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas, así como os compromisos que pensa adquirir para a mellora da transparencia deste servizo e das súas entidades dependentes
BOPG nº 90f1, do 24.09.2024

- 14320 - 10980 (12/PRE-002504)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca
BOPG nº 90f1, do 24.09.2024

- 14319 - 11284 (12/PRE-002537)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a entrega dos títulos definitivos da concentración parcelaria de Carnés e Cereixo, Vimianzo, e as consecuencias das demoras, así como as previsións da Xunta de Galicia verbo do remate da concentración parcelaria nestas zonas
BOPG nº 93f1, do 30.09.2024

- 14449 - 11374 (12/PRE-002545)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 4 máis
Sobre a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo, as consecuencias da súa carencia para as explotacións agrarias da comarca e as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura dunha vacante de persoal administrativo
BOPG nº 93f1, do 30.09.2024

- 14448 - 11425 (12/PRE-002551)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a eventual axuda da Xunta de Galicia á compra de equipos informáticos no ámbito rural, especialmente para as explotacións agrarias e gandeiras, a formación dos interesados mediante cursos e a permanencia da tramitación presencial nas oficinas agrarias
BOPG nº 93f1, do 30.09.2024

- 14447 - 11496 (12/PRE-002561)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 4 máis
Sobre a autorización da variedade de uva godello na denominación de orixe Rueda, na comunidade de Castela e León, as posibles repercusións no sector vitícola galego e a postura e as xestións da Xunta de Galicia ante este feito
BOPG nº 93f1, do 30.09.2024

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 14446 - 11641 (12/PRE-002577)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da posibilidade de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira
BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14318 - 11749 (12/PRE-002581)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto das declaracións do presidente da Xunta relativas á violencia machista recollidas após a reunión do Consello da Xunta de Galicia do 23 de setembro de 2024
BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14445 - 11791 (12/PRE-002582)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o criterio que ten a Xunta de Galicia respecto da necesidade de ampliación da planta do partido xudicial de Carballo e do incremento do cadro de persoal dos seus xulgados
BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14444 - 11804 (12/PRE-002584)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 5 máis
Sobre a situación da Oficina Agraria Comarcal da Pobra de Trives no referido á súa dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes
BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14443 - 11862 (12/PRE-002592)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 5 máis
Sobre a situación da Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas no referido á dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes
BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14317 - 12037 (12/PRE-002610)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar, a formación en igualdade das persoas que prestan neles os seus servizos e as previsións da Xunta de Galicia relativas á ampliación da rede
BOPG nº 98, do 10.10.2024

- 14316 - 12085 (12/PRE-002615)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira, as inspeccións realizadas neste centro pola Consellería de Política Social e Igualdade e a súa postura ante a posibilidade de cambio de modelo no servizo de comedor
BOPG nº 98, do 10.10.2024

- 14442 - 12253 (12/PRE-002626)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas
BOPG nº 98, do 10.10.2024

- 14441 - 12290 (12/PRE-002631)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 4 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás axudas de 2024 destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias e á incorporación de xente nova ao sector, así como no referido á convocatoria de 2025
BOPG nº 98, do 10.10.2024

- 14501 - 12880 (12/PRE-002674)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis
Sobre o grao de desenvolvemento da atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista e o cumprimento do artigo 25 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14500 - 13019 (12/PRE-002688)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre o número de persoas beneficiarias, as contías e a distribución xeográfica do Bono Coidado no Fogar
BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14499 - 13024 (12/PRE-002689)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre o atraso na publicación das memorias anuais da Consellería de Política Social e Igualdade
BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14498 - 13033 (12/PRE-002691)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a titularidade e o tipo de xestión que a Xunta de Galicia vai garantir no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense
BOPG nº 103, do 18.10.2024

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 14439 - 13115 (12/PRE-002702)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego orientadas a afrontar os danos producidos no sector agrario da Limia polas condicións meteorolóxicas deste ano
BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14497 - 13126 (12/PRE-002704)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación cos compromisos que adoptou respecto da aprobación dun estatuto e do impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega
BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14496 - 13134 (12/PRE-002705)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a acumulación da dobre discriminación, por idade e por xénero, que sofren as mulleres maiores e as medidas que está a tomar o Goberno galego dirixidas a mellorar a súa calidade de vida
BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14315 - 13564 (12/PRE-002750)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais
BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

- 14495 - 13719 (12/PRE-002769)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da acreditación obrigatoria do nivel de coñecemento da lingua galega para optar á contratación laboral temporal na súa propia administración, a eventual retirada deste requisito a través da Lei de acompañamento e a implicación que isto tería na promoción da igualdade do galego
BOPG nº 110, do 31.10.2024

- 14314 - 13889 (12/PRE-002793)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a sinistralidade laboral no estaleiro Blascar, situado na Graña, concello de Ferrol, e a valoración que fai a Xunta de Galicia do accidente acontecido o 4 de outubro
BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 14528 - 13971 (12/PRE-002806)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estudos, plans, política de información e cumprimento de normativas respecto do problema de saúde pública que supón a presenza de gas radon no territorio galego
BOPG nº 117, do 15.11.2024

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:48
Nº Rexistro: 14327
Data envío: 11/11/2024 10:16:48.593
Data 11/11/2024 10:16

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5453**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Dona Sonia Vidal Lamassobre e otros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as repercusións dos cambios introducidos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas."** (publicada no BOPG número 38, do 13 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural** que ten o seguinte contido:

"Antes de entrar a contestar as preguntas formuladas, debemos indicar que as deputadas e os deputados asinantes achegan no preámbulo de contextualización unha información con bastantes incorreccións.

No ano 2021, o Regulamento (UE) 1151/2012 sufriu unha importante modificación, que afectou sobre todo ao procedemento de modificación dos pregos de condicións das DOP e IXP. Logo desa reforma do regulamento, as modificacións dos pregos de condicións non se clasifican en "modificacións menores" e "modificacións non menores", senón que pasaron a denominarse "modificacións normais" e "modificacións da Unión". As primeiras apróbaas a autoridade competente do Estado membro (neste caso, a Consellería do Medio Rural) e as "da Unión" ten que aprobalas a Comisión Europea ao tratarse de modificacións que afectan a elementos esenciais do rexistro da DOP ou IXP.

Dito isto, debemos indicar que as modificacións que se introduciron teñen a consideración de "normais" (e polo tanto, non teñen que ser aprobadas pola Comisión Europea) porque non afectan ao nome rexistrado, non alteran o vínculo do produto co territorio nin establecen novas restricións no comercio. Eses son os tres motivos que implicarían a necesidade de aprobación pola Comisión, e non os que as e os deputados indican na súa exposición.

Por outra parte, é tamén importante resaltar que a modificación foi proposta polo Consello Regulador, que a aprobou cun amplísimo consenso (só un vogal mostrou a desconformidade). E debemos ter en conta que o pleno do Consello Regulador está elixido democraticamente e é o lexítimo representante do sector.

E tamén é de resaltar que a modificación (das varias que se introduciron) que está a xerar certa polémica e esta pregunta parlamentaria (a necesidade dun acabado dos tenreiros para coller o peso necesario para obter canais de calidade) foi o resultado

CVE-PREPAR: d38026c3-5192-0e71-c6e3-ce54aede75a7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:16:45

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:48
Nº Rexistro: 14327
Data envío: 11/11/2024 10:16:48.593

dos traballos das mesas de debate que se constituíron para elaborar a *Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia*. Neses debates púxose de manifesto a necesidade de homoxeneizar a produción de carne de Suprema, porque nos últimos tempos cada vez dáse unha maior heteroxeneidade polo feito de que, fronte ao sistema tradicional de ter os xatos acortellados (que é a práctica que xa figuraba como recomendable nas normas da IXP *Ternera Gallega* para os xatos destinados á categoría "Suprema"), cada vez está sendo máis frecuente deixalos no pasto coas nais ata o sacrificio, o que dá lugar a canais de baixo peso e carne que non presenta as características de tenreza que debe caracterizar a carne de *Ternera Gallega Suprema*

Por outra banda, a estimación que fai o Consello Regulador da IXP Ternera Gallega é de que poden ser unhas 750 as explotacións de Ternera Gallega Suprema nas que actualmente non se sigue a práctica do acortellamento nas últimas fases de engorde dos xatos, práctica que, como xa diximos, xa figuraba como recomendada dentro da normativa da indicación xeográfica protexida antes da modificación que se acaba de aprobar.

A avaliación do custe depende de cada caso particular en función do tamaño da cabana, das instalacións existentes, da localización, etc. Pero si que podemos dicir que as instalacións que se necesitan son sinxelas e non teñen porque ter un custe por $m^2$ elevado. Ademais, para facilitar a súa implantación, o propio prego de condicións establece un período transitorio antes da aplicación da obriga

De acordo cos datos que nos subministra o Consello Regulador, o número de animais que non cumpren os estándares de engraxamento e conformación non é doado de determinar porque hai animais que a industria xa descarta presentalos a certificación por corresponder a canais de baixo peso. O Consello Regulador estima que hai unha cifra de animais de arredor dos 8.000, que dan lugar a canais que, aínda cumprindo os mínimos de conformación e engraxamento, presentan anomalías claras en canto á relación idade / peso (idade entre 9 e 10 meses, con pesos inferiores a 180 kg/canal) respecto a media das canais de *Ternera Gallega Suprema* (canais entre 9 e 10 meses con 225 kg/canal). Este dato é bastante significativo porque, ademais, coincide con engraxamentos (1) e (2-) ou (2) como máximo, nunha porcentaxe moi alta.

O sector, tanto nas mesas de debate da elaboración da *Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia* como no Pleno do Consello Regulador, percibe como un problema grave a cada vez maior heteroxeneidade nas canais de *Ternera Gallega Suprema*. Así, xunto a canais de elevadisima calidade (a que debe corresponder a esta categoría) procedentes de explotacións que seguen a práctica tradicional do acortellamento (práctica que, como diximos, xa figuraba como recomendable antes desta modificación) son cada vez máis frecuentes canais de baixo peso e que non responden as características de calidade ás que se asocia a carne de "Suprema", e

CSV: BOPGDSPG-F9SfVg5b38-7
Verificación: CVE-PREPAR: d38026c3-5192-0e71-c6e3-ce54aede75a7
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:48
Nº Rexistro: 14327
Data envio: 11/11/2024 10:16:48.593

coincide que maioritariamente estas canais proceden de explotacións que non fan o acortellamento.

Os permisos das construcións xestionaranse do xeito que a norma establece para esas zonas. O período transitorio que se establece para a entrada en vigor desta nova obriga debe ser suficiente para a tramitación dos permisos que, eventualmente, se precisasen.

Por outra banda a Consellería do Medio Rural xa conta con axudas ás explotacións que poden cubrir os investimentos que, eventualmente, teñan que ir realizando as explotacións para poder seguir producindo xatos acollidos á categoría *Ternera Gallega Suprema*."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-FSEVg5b38-7
Verificación: CVE-PREPAR: d38026c3-5192-0e71-c6e3-ce54aede75a7
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:48
**Nº Rexistro: 14327**
Data envio: 11/11/2024 10:16:48.593

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:48**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:58
Nº Rexistro: 14504
Data envio: 14/11/2024 12:19:58.246
Data 14/11/2024 12:19

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5781**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outras deputadas sobre **"a eventual colaboración do Goberno galego na obra de rehabilitación da Praza de Abastos número 1 da cidade de Ourense, os datos referidos a esas posibles achegas e a relación que mantén co Concello de Ourense en relación con este proxecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a Compañía Mercantil de Comerciantes Asociados do Mercado de Abastos nº1 de Ourense, asinaron este mes de novembro o protocolo de colaboración para o traslado dos comerciantes á Praza de Abastos nº1 de Ourense, tras varios contactos e xuntanzas para pechar dito acordo.

O protocolo establece que o Goberno galego e o Concello cofinanciarán a reactivación deste edifico emblemático da cidade, acordando un máximo orzamentario para as actuacións consensuadas de 2 millóns de euros, para o cal, o Goberno galego xa consignou un millón de euros nas contas do vindeiro ano.

Desta achega inicial, 800.000 euros serán destinados ás obras que se recollan no Plan funcional definitivo, sempre e cando atopen o consenso das tres partes para o seu financiamento.

Os 200.000 euros restantes que están en disposición de incrementar, no caso de que fose necesario, permitirán asumir as obras incluídas nese plan por ser definidas como necesarias pola administración autonómica e os praceiros, sen contar co respaldo a nivel económico do Concello de Ourense.

As obras versan sobre a mellora do circuíto de carga e descarga das mercancías ou, chegado o momento, a pasarela peonil que conecte a praza coa rúa Progreso, consideradas como fundamentais para garantir a eficiencia e a comodidade, tanto de comerciantes como de usuarios, e que foron incluídos no primeiro Plan funcional, un documento elaborado en verán atendendo as demandas dos praceiros e que agora, a través da firma do protocolo, será consensuado co Concello para alcanzar o Plan funcional definitivo.

A través deste compromiso, o Executivo galego busca facilitar o acordo e garantir a mellor praza posible. De feito, dito documento recolle o papel da administración autonómica na mediación entre o Concello e os comerciantes para desatascar e reconducir as negociacións".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 115368b3-e736-8b74-42a4-729c138e31f5
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:55

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:58
Nº Rexistro: 14504
Data envio: 14/11/2024 12:19:58.246

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 115368b3-e736-8b74-42a4-729c138e31f5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:58
**Nº Rexistro: 14504**
Data envio: 14/11/2024 12:19:58.246

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:58**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5809**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Don Secundino Fernández Fernándeze otros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**os convenios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cos concellos de Leiro e San Amaro destinados, respectivamente, a actuacións arqueolóxicas e a fins deportivos."** (publicada no BOPG número 45, fascículo 1, do 1 de xullo de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural** que ten o seguinte contido:

"O obxecto do convenio subscrito con concello de Leiro e levar a cabo actuacións arqueolóxicas en Pena Corneira. O obxecto do convenio subscrito con concello de San Amarao, e levar a cabo actuacións para a recuperación do antigo campo de fútbol e que albergue o uso de hípica e equinoterapia, con seguintes obxectivos.

Ambos convenios perseguen os seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñas a historia e a memoria da comarca
- Mellora da relación social dos veciños
- Revalorización de infraestruturas e inmobles desaproveitados
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.

Estes proxectos teñen cabida no Programa de Proxectos senlleiros da AGADER xa que conforme ao Acordo do "0.04.2022, do seu Consello de Dirección, contribúen a cohesionar a vida social no medio rural e estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio que habita nel."

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV:
Verificación: CVE-PREPAR: 77bead71-d878-fde0-a647-713c78c45d52
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:16:37

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:41
Nº Rexistro: 14326
Data envio: 11/11/2024 10:16:41.921

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 77bead71-d878-fde0-a647-713c78c45d52
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:41
Nº Rexistro: 14326
Data envio: 11/11/2024 10:16:41.921

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6335**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"a situación en que se atopa o regadío do Val de Lemos e sobre a petición de colaboración que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno estatal e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para levar a cabo as melloras oportunas, así como sobre a posibilidade de condonar a débeda aos regantes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O réxime xurídico dos regadíos galegos vén dado pola lei que os declarou de interese xeral, que é sempre unha norma estatal, non autonómica. Galicia ao respecto non ten regulación, aínda que podería en virtude do artigo 148.10 da Constitución Española.

A regulación, polo tanto dos regadíos, é estatal; para os máis antigos como o regadío de Val de Lemos (Monforte e Bóveda en Lugo) vén dada pola *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario*, texto aprobado polo decreto 118/1973, do 12 de xaneiro, que refunde a normativa en materia de reforma e desenvolvemento agrario. O Decreto 3125/66 declaraba de alto interese nacional a colonización da zona regable de Val de Lemos. Este proxecto contemplaba a posta en rega dunhas 4.875 has dos concellos de Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón e Sober, a partir de augas fluintes do río Cabe e augas reguladas do río Mao.

Todas as cuestións relativa ao regadío dependen polo tanto do goberno central e non deste goberno.

Decretar unha concentración parcelaria non é un obxectivo práctico para os regantes, pois existen outros instrumentos de ordenación e recuperación da terra máis áxiles e efectivos".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGaFUuLHex3c-7
Verificación: CVE-PREPAR: c011a900-4fb5-a642-f629-7aae45adf7a0
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:16:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:34
Nº Rexistro: 14325
Data envío: 11/11/2024 10:16:34.078

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: c011a900-4fb5-a642-f629-7aae45adf7a0
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:34
**Nº Rexistro: 14325**
Data envio: 11/11/2024 10:16:34.078

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:34**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:51
**Nº Rexistro: 14503**
Data envío: 14/11/2024 12:19:51.981
Data 14/11/2024 12:19

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6496**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director da Axencia de Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy, con motivo do debate da pregunta 7607 que tivo lugar na sesión do 25 de outubro de 2024 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjAwNTM0ZDEtODE0ZC00NTk2LWIzZDEtYWQ4NGY5MDEyOGIz&start=104 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: b96245a2-6d76-b1d7-07d3-76f4d49448d1
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:51
Nº Rexistro: 14503
Data envio: 14/11/2024 12:19:51.981

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:51**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14451
Data envío: 12/11/2024 18:50:15.263
Data 12/11/2024 18:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6494**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, sobre **"o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia** , que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director da Axencia de Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy, con motivo do debate da pregunta 7607 que tivo lugar na sesión do 25 de outubro de 2024 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjAwNTM0ZDEtODE0ZC00NTk2LWIzZDEtYWQ4NGY5MDEyOGIz&start=104 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: e11384f8-e548-8411-1d12-f1e69c4a4967
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:50:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14451
Data envío: 12/11/2024 18:50:15.263

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:50:15**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14450
Data envio: 12/11/2024 18:50:08.919
Data 12/11/2024 18:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6495**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, sobre **"o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director da Axencia de Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy, con motivo do debate da pregunta 7607 que tivo lugar na sesión do 25 de outubro de 2024 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjAwNTM0ZDEtODE0ZC00NTk2LWIzZDEtYWQ4NGY5MDEyOGIz&start=104 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: fd7660b7-6c12-8000-4467-94a83a0a7cb4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:50:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14450
Data envio: 12/11/2024 18:50:08.919

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:50:08**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:27
Nº Rexistro: 14324
Data envío: 11/11/2024 10:16:27.343

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 8712,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan integral de discriminación positiva para acadar un desenvolvemento territorial máis equilibrado e sustentable a longo prazo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está comprometida coa promoción dun desenvolvemento territorial máis equilibrado e sostible, e isto reflíctese no seu enfoque cara á discriminación positiva nas axudas de desenvolvemento rural.

En lugar de esperar a elaborar un novo plan integral, a Xunta integrou estes principios nos seus programas actuais. Por exemplo, nas axudas destinadas á modernización de explotacións agrícolas, outórganse puntuacións adicionais a aqueles proxectos que demostran un impacto positivo en comunidades rurais desfavorecidas.

Así mesmo, nos programas de apoio á creación de empresas en zonas rurais, priorízanse as iniciativas que fomentan a inclusión social e a igualdade de oportunidades, especialmente para grupos como mulleres e novas.

En resumo, a Xunta de Galicia xa está a implementar medidas concretas que reflicten o seu compromiso coa discriminación positiva, asegurando que as súas axudas de desenvolvemento rural non só sexan xustas, senón que tamén contribúan a un futuro máis equilibrado para todas as comunidades galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 2a0c6b75-27c9-8df8-c051-bf430d742629
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:16:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:27
Nº Rexistro: 14324
Data envio: 11/11/2024 10:16:27.343

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:27

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10371**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Don Paulo Ríos Santomé e Don Luís Bará Torres sobre "**a situación que está a vivir o sector do transporte de viaxeiros en Galicia e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a transparencia, o deseño e a execución dos contratos do transporte público por estrada"** (publicada no BOPG número 83, fascículo 1, do 13 de setembro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á interpelación número 10366, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 23 de outubro de 2024, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes indicou que o Goberno galego destinará o vindeiro ano case 103 millóns de euros ao Plan de Transporte Público de Galicia. Un orzamento que servirá para seguir garantindo a máxima cobertura territorial, impulsando a calidade do servizo e reforzando os recursos con novas ferramentas de planificación e melloras tecnolóxicas para a información das persoas usuarias e o seguimento do servizo.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGJmYjZmZTctNzllMC00YTcwLTk0YmQtYzljMjUxMWU1ZTlk&start=10102

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGJmYjZmZTctNzllMC00YTcwLTk0YmQtYzljMjUxMWU1ZTlk&start=11200 ."

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-PLVMVWe3-7
Verificación: CVE-PREPAR: ed46c369-5519-f271-7e17-b20714372b94
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:16:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:20
Nº Rexistro: 14323
Data envio: 11/11/2024 10:16:20.734

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: ed46c369-5519-f271-7e17-b20714372b94
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:20
**Nº Rexistro: 14323**
Data envio: 11/11/2024 10:16:20.734

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:20**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:10
Nº Rexistro: 14322
Data envio: 11/11/2024 10:16:10.219
Data 11/11/2024 10:16

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10506,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o atraso na remisión ao Ministerio de Agricultura do proxecto para a execución das obras de limpeza da canle principal e das secundarias da lagoa de Antela, as súas razóns e a súa incidencia no sector primario da comarca"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 10502 e debatida na Comisión 7ª do día 18 de outubro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGJiNDdkNWItOGUxYS00MWJjLWJjMDYtY2IwN2ZjM2JiYTU0".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BORISDCPPrLU6Kxd3-67
Verificación: CVE-PREPAR: 01f52527-9783-5410-92c8-e05f2d3dff54
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:16:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:10
Nº Rexistro: 14322
Data envio: 11/11/2024 10:16:10.219

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:10**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10642**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Dona Ariadna Fernández González e otros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**a situación dos produtores de leite galegos respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos e as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego co fin de que a industria transformadora xere maior valor engadido en Galicia."** (publicada no BOPG número 90, fascículo 1, do 24 de setembro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural** que ten o seguinte contido:

"As ferramentas coas que actualmente conta o sector lácteo para a protección das transaccións comerciais entre os distintos elementos da cadea son medidas que veñen a aportar unha transparencia e unha seguridade xurídica superior á de calquera outra época anterior do lácteo en Galicia.

Así, tanto o chamado **Paquete Lácteo** (Real decreto 95/2019) como a **Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria** (Lei 12/2013 e a súa modificación pola Lei 16/2021), viñeron a aportar ao sector, entre outras cousas: transparencia, seguridade xurídica, seguridade de cobro en 30 días e seguridade de recollida do leite. Todas elas non estaban garantidas antes da creación destas ferramentas e, sen embargo, hoxe en día ninguén dubida desas "seguridades" que antes non existían.

Na actualidade, os primeiros compradores de leite están obrigados a ofertar un contrato cunha duración mínima dun ano aos produtores de leite, e posteriormente, serán ambas partes as que negocien os elementos do contrato e asinen, de mutuo acordo, un contrato para a recollida do leite coa duración, prezos e cantidades que acorden.

O produtor poderá rexeitar as condicións ofertadas polo comprador e poderá negociar unhas novas con ese primeiro comprador ou con calquera outro. Pero o máis importante é que, por primeira vez (pois antes da creación destas ferramentas non era posible) o produtor ten unha vía e unha seguridade xurídica para denunciar as prácticas abusivas e os incumprimentos de contrato ante as Administracións, o que o posiciona nunha situación moi diferente á que tiña anteriormente.

Por outra banda, outra posibilidade que o Paquete Lácteo permite aos produtores é a capacidade de formar Organizacións de Produtores Lácteos (OPL) e negociar de

CSV: BOPGDSPGPMUUbgc3c77
Verificación: CVE-PREPAR: e412d142-0b47-d872-b5a0-61536a494d92
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:02
Nº Rexistro: 14321
Data envio: 11/11/2024 10:16:02.844

maneira conxunta os prezos do seu produto sen que teña consecuencias respecto ás normas de Competencia dos mercados. Esta potencialidade é totalmente novidosa e dota ao sector produtor da súa mellor arma para enfrontarse aos mercados. Porén, en Galicia este tipo de organizacións non está a funcionar e os produtores de leite perden unha oportunidade única que se lle brinda para facerse co mercado. Non é moi entendible que cada pouco tempo naza unha nova asociación de gandeiros de leite que reivindican melloras e que entre todas esas asociacións formen unha OPL forte e operativa que poida chegar a negociar o leite galego.

Xa non ten sentido posicionar como o "elo débil da cadea" á parte produtora como conxunto. É certo que poden existir casos puntuais de debilidade na relación contractual dalgunha granxa en particular pero un sector ao que se lle dota da capacidade legal de organizarse e negociar todo o seu leite e as condicións de venda, non pode definirse de maneira global como "elo débil". A "*posición de privilexio dentro dun abuso de dependencia económica*" é moi relativa cando existe esta posibilidade para o sector produtor tomado en conxunto.

Por outra banda, e falando de prezos, non resulta moi coherente falar de "crise de prezos" no leite cando o prezo dos insumos baixou considerablemente, e así temos que o prezo do penso de vacún de leite atópase un 25% por debaixo das cotizacións do ano pasado por estas datas; resultando en que os marxes por venda de leite son dos mellores nos últimos anos.

Respecto aos prezos pagados polo Grupo CLAS aos gandeiros asturianos respecto aos dos galegos, xa foi aclarado en varias ocasións anteriores: a realidade é que os produtores asturianos son socios da cooperativa asturiana formada neste Grupo, mentres que os gandeiros galegos pertencen a outras cooperativas galegas. Ese diferencial de importe que cobran, chamado "*reparto de valor*" non deixa de ser o retorno cooperativo que se lles fai aos socios e que se inclúe no prezo pagado polo leite, e que os produtores galegos non perciben ao non ser socios.

Ese diferencial polo retorno cooperativo é un reparto de xuros e beneficios polo capital exposto polos socios e non ten repercusión no cómputo de resultados das explotacións, é dicir, ese diferencial de prezos non é relevante nin diferenciador para as marxes de beneficios e non redunda en frear o abandono; e así temos que, como vostedes mesmos alegan na súa exposición de motivos*, en Asturias a porcentaxe de abandono da actividade leiteira é moi superior á galega. Vostedes mesmos se respostan á súa pregunta.

*(*) CLAS fai recollidas en 800 granxas dentro da súa comunidade, mais o peche de explotacións dedicadas á produción leiteira propiciou a súa saída a mercar fóra das súas fronteiras, momento no que entrou en xogo o noso país, que actúa compensando esa falla de entregas. É tanto así que, en Asturias, pechan de 8 a 10 granxas produtoras mensualmente de xeito que, dos 6500 socios actuais de CLAS, só están activos en canto a entregas aproximadamente un 12%.*

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: e412d142-0b47-d872-b5a0-61536a494d92
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:02
Nº Rexistro: 14321
Data envio: 11/11/2024 10:16:02.844

Tamén hai que ter en conta que para que os produtores galegos entren a formar parte da cooperativa asturiana, deberán facer un desembolso de diñeiro importante, que despois lle repercutirá nese diferencial do prezo polo retorno.

De todas maneiras, o diferencial de prezos do leite de Galicia con respecto a outros territorios é unha cuestión que debe ser analizada pormenorizadamente, caso a caso, e non xeneralizar entre prezos totais das distintas CCAA.

En todo caso, no momento en que esta Administración atope indicios de diferenciais de prezos con outros territorios que non se poidan xustificar, non dubidará en denuncialos ante a Comisión Galega da Competencia ou ante a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), segundo corresponda, como xa se advertiu en ocasións anteriores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: e412d142-0b47-d872-b5a0-61536a494d92
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:16:02
Nº Rexistro: 14321
Data envio: 11/11/2024 10:16:02.844

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:16:02**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:44
Nº Rexistro: 14502
Data envío: 14/11/2024 12:19:44.168
Data 14/11/2024 12:19

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10745**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o eventual cumprimento en 2024 por parte do Goberno galego das recomendacións do último informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas, así como os compromisos que pensa adquirir para a mellora da transparencia deste servizo e das súas entidades dependentes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 5 de setembro a Interventora Xeral da Comunidade Autónoma, Dª. Almudena Chacón Pichel, dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á pregunta oral en comisión con Nº de rexistro 7940 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos.

Adxuntamos o link da sesión:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzY5YTYwNTgtMWUwYS00NjA1LWIyNDQtNjkwOGI2YzgzNmE2&start=6952 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGbJDUcmVA3-7
Verificación: CVE-PREPAR: 79440da8-4993-cfc4-d1e9-2d4d1e8bab62
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:44
**Nº Rexistro: 14502**
Data envio: 14/11/2024 12:19:44.168

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:44**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:55
Nº Rexistro: 14320
Data envio: 11/11/2024 10:15:55.234
Data 11/11/2024 10:15

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10980,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Calquera incendio forestal, e máis en espazos tan sensibles e de tan alto valor ecolóxico como o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, resulta inadmisible para o Goberno galego. A este respecto, cómpre lembrar o obxectivo xeral do Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia, e por ende o de toda actuación do dispositivo de defensa contra os incendios forestais, que é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na comunidade autónoma de Galicia dentro dos recursos dispoñibles.

A Consellería do Medio Rural manterá a vontade de cumprir co obxectivo xeral do Pladiga. Así mesmo, falando de Pladiga, cabe recordar que no do ano 2022 se recollen na súa memoria e nos seus anexos as conclusións do "estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na ZEPVN Baixa Limia, propostas de mellora de infraestruturas de defensa do monte".

Para rematar, é importante recordar que o goberno galego non ten competencias para acordar medidas co goberno portugués. As relacións internacionais, recollidas no caso dos incendios forestais no Protocolo entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación técnica e asistencia mutua en materia de protección civil, son competencia do Estado. Protocolo que o goberno galego cumpre segundo o establecido".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: a7c9b629-1671-daa2-0141-9a2589a8d436
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:55
Nº Rexistro: 14320
Data envio: 11/11/2024 10:15:55.234

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: a7c9b629-1671-daa2-0141-9a2589a8d436
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:55
Nº Rexistro: 14320
Data envio: 11/11/2024 10:15:55.234

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:55**

CSV:
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:47
Nº Rexistro: 14319
Data envío: 11/11/2024 10:15:47.641
Data 11/11/2024 10:15

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11284**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"a entrega dos títulos definitivos da concentración parcelaria de Carnés e Cereixo, Vimianzo, e as consecuencias das demoras, así como as previsións da Xunta de Galicia verbo do remate da concentración parcelaria nestas zonas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A zona de concentración parcelaria de Cereixo-Carnés (Vimianzo) está pendente da aprobación da acta de reorganización da propiedade. Durante o ano 2024 estanse levando cabo traballos técnicos de revisión gráfica e alfanumérica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 8b0e9bb2-56d2-ad66-3772-e871d51ef338
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:47
Nº Rexistro: 14319
Data envio: 11/11/2024 10:15:47.641

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:47**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11374**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo, as consecuencias da súa carencia para as explotacións agrarias da comarca e as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura dunha vacante de persoal administrativo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural ten previsto na Relación de Postos de Traballo unha dotación suficiente de persoal administrativo, veterinario e técnico agrario para garantir a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro. Neste senso, esta oficina agraria conta con dous postos de persoal administrativo.

Ademais, na última modificación da RPT da CMR creáronse a maiores en cada xefatura territorial 4 postos de persoal de apoio ás oficinas rurais, entre eles, un posto de persoal administrativo itinerante coa función, entre outras, de prestar servizo en oficinas nas que por causas puntuais teñan ausencias ou baixas temporais (vacacións, incapacidade temporal,...)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXISTRO-PREPAR: 9aa5bc45-b366-45f6-6df8-71a2d414ac16
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14449
Data envío: 12/11/2024 18:50:01.169

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:50:01**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14448
Data envío: 12/11/2024 18:49:54.810
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11425**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a eventual axuda da Xunta de Galicia á compra de equipos informáticos no ámbito rural, especialmente para as explotacións agrarias e gandeiras, a formación dos interesados mediante cursos e a permanencia da tramitación presencial nas oficinas agrarias"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural mantén unha rede de oficinas rurais (antes denominadas oficinas agrarias comarcais) constituída por 68 oficinas, organizadas en 15 áreas comarcais, distribuídas por todo o territorio galego e que prestan servizo de atención á cidadanía de xeito presencial, principalmente a explotacións agrarias.

Son máis de 450 os postos de traballo en Oficinas Rurais, distribuídos entre persoal veterinario, técnico agrario e administrativo, que a CMR pon a disposición para a prestación dun servizo de atención de proximidade á poboación rural.

Por iso, a Consellería do Medio Rural está desenvolvendo un Plan de Mellora das Infraestruturas da Consellería desde o ano 2021 que permitiu a remodelación de moitas e que segue a executarse neste ano 2024.

Ademais, a consellería creou unha estrutura de coordinación territorial, composta por 4 persoas en cada provincia encargadas da coordinación e o apoio ás oficinas rurais, ademais dun órgano de coordinación en servizos centrais, a Subdirección Xeral de Planificación de Extensión Agrario.

Con estes antecedentes, cabe concluír que a Administración Galega NON está a desmantelar os servizos técnicos e administrativos que se prestan dende as oficinas rurais.

As Oficinas Rurais constitúense como oficinas de rexistro auxiliares e de atención á cidadanía onde calquera persoa pode acudir a realizar calquera trámite de xeito presencial. (Decreto 191/2011)

Para prestar asistencia á cidadanía na realización de trámites por medios electrónicos ante a administración, a Consellería do Medio Rural habilitou na maioría das oficinas rurais un ordenador público para que calquera persoa interesada pode realizar trámites por vía electrónica apoiada en todo momento por persoal funcionario das oficinas rurais.

En todo caso, aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 6d46f0b6-feb4-f269-74c6-288e24231aa9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14448
Data envío: 12/11/2024 18:49:54.810

Para reforzar a atención presencial, a Administración autonómica está a traballar no proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado que permitirá asistir no uso de medios electrónicos tanto ás persoas interesadas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos como aqueloutras que, aínda estando obrigadas, se poderán asistir por causas xustificadas e motivadas.

Debe lembrarse que, todos os anos, a Consellería do Medio Rural aproba unha orde de axudas ás entidades agrarias onde, entre outros criterios, priorízase na súa concesión a aquelas que teñan oficinas de atención ao público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 6d46f0b6-feb4-f269-74c6-288e24231aa9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14448
Data envio: 12/11/2024 18:49:54.810

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:54**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14447
Data envio: 12/11/2024 18:49:49.669
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11496**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a autorización da variedade de uva godello na denominación de orixe Rueda, na comunidade de Castela e León, as posibles repercusións no sector vitícola galego e a postura e as xestións da Xunta de Galicia ante este feito"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A variedade Godello é unha caste de uva branca que está contemplada como autorizada, ademais de en Galicia, noutras seis comunidades autónomas de España. Así se recolle no Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, en cuxo anexo XXI (clasificación das variedades de vide) figura esta variedade, ademais de para Galicia, para as comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, País Vasco e a Comunidade Valenciana.

As variedades vexetais non son patrimonio de ningún territorio. Aínda que esta variedade se cultiva principalmente na zona oriental de Galicia (sobre todo na comarca de Valdeorras) e no Bierzo, na veciña Castela e León, está presente en maior ou menor medida noutras áreas xeográficas.

Non cabe dúbida de que en Valdeorras foi onde se fixo o gran esforzo por recuperar esta variedade (programa Revival), que hai unhas décadas estaba en claro retroceso, e que a súa aptitude para producir viños de elevada calidade fixo que medrara posteriormente o seu cultivo noutras comarcas de Galicia e tamén fóra da nosa comunidade autónoma.

Pero nin Valdeorras nin Galicia teñen a exclusiva da súa produción. Ao igual que moitas variedades de vide de orixe francés ou alemán se cultivan en todo o mundo, as variedades de cultivo tradicional en Galicia (termo máis adecuado tecnicamente que o de "variedades autóctonas") na medida en que se adapten ao cultivo noutros territorios, poderán ser utilizadas para producir viños fóra de Galicia. A título de exemplo, o prego de condicións da DO Rueda inclúe tamén variedades tintas como Cabernet Sauvignon e Merlot ou brancas como Sauvignon Blanc, Chardonnay, Riesling ou Gewürztraminer (estas dúas últimas se inclúen na modificación en trámite que incorpora tamén a variedade Godello) cuxo nome delata unha orixe bastante afastada do territorio desta denominación.

Por iso, dende hai moitos anos, dende a Administración tratamos de que na promoción dos nosos viños non caiamos na trampa de publicitalos pola variedade, senón polo territorio, fuxindo da moda imposta, sobre todo, por países como Gran Bretaña, USA ou Australia, con nula tradición de denominacións de orixe, que identifican os viños coas variedades con que se elaboran.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-dHUxjo9c3c-7
CSV: REXISTRO-AJ8KXUCQs-7
Verificación: CVE-PREPAR: 2e2e9258-4837-15b7-a0d3-5c8e13c24119
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:46

De acordo co anterior, debemos tratar de difundir a idea da calidade que atesouran os viños da DO Valdeorras ou doutra das nosas denominacións de orixe e que a promoción non faga o fincapé na variedade, senón no territorio de produción. Falemos máis de Rías Baixas que de Albariño, de Ribeiro no canto de Treixadura e de Valdeorras en vez de Godello. Podemos informar de que a variedade Godello acada a súa máxima expresión na comarca de Valdeorras, pero sempre insistindo máis no territorio que na variedade.

No caso concreto da modificación do prego de condicións da DO Rueda para incluír a variedade Godello debemos dicir que dende a administración autonómica non fixemos ningún trámite de oposición (nin tampouco se fixo dende ningún dos nosos consellos reguladores) porque non hai argumentos legais que nolo permitan facer. Obviamente, preferimos que esa variedade, que se puxo de moda grazas, sobre todo, ao bo facer das adegas e do Consello Regulador da DO Valdeorras, se siga asociando a ese territorio ou, cando menos, a Galicia, pero nada se pode facer para evitar que se cultive e se utilice na elaboración de viños noutras zonas.

De todas formas, a modificación do prego de condicións da DO Rueda que se está a tramitar contempla a inclusión desta variedade (e algunha outra máis) como autorizada, pero non como principal, e os viños brancos de Rueda teñen que ter un mínimo do 75% de variedades cualificadas como principais. Isto implica que os brancos de Rueda que incluísen na súa elaboración a variedade Godello, faríano con porcentaxes inferiores ao 25%, polo que non poderían elaborarse baixo a DO Rueda viños monovarietais que se comercializasen como "Godello".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 2e2e9258-4837-15b7-a0d3-5c8e13c24119
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14447
Data envio: 12/11/2024 18:49:49.669

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:49**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14446
Data envío: 12/11/2024 18:49:43.966
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11641**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da posibilidade de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está sempre aberta a estudar todas as propostas de mellora dos servizos de autobús interurbano en todas e cada una das concesións do Plan de transporte público de Galicia.

No ámbito da concesión da comarca do Barbanza, o Goberno galego tratou nos últimos anos de reestruturar os servizos para atender as demandas dos usuarios, que implican a necesidade de cambios profundos, como o establecemento de servizos directos Ribeira-Santiago de Compostela sen afectar aos servizos intermedios. Pero, ante a inviabilidade de acometer unha reestruturación cos medios dispoñibles, foi preciso o deseño dun novo contrato que sairá a concurso público.

A nova concesión introducirá os cambios que sexan precisos conforme á análise das necesidades detectadas e ás demandas e propostas das administracións locais e colectivos interesados na mellora do transporte público na comarca do Barbanza. En todo caso, o novo anteproxecto de explotación, estará aberto a achegas e darase audiencia aos concellos antes da súa aprobación no Consello da Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: c16960d9-2a91-ef70-fef0-f9bf7c67d0f3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14446
Data envio: 12/11/2024 18:49:43.966

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:43**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:40
Nº Rexistro: 14318
Data envio: 11/11/2024 10:15:40.828
Data 11/11/2024 10:15

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11749**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Dona Noa Presas Bergantiños e Dona Olalla Rodil Fernández sobre "**Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto das declaracións do presidente da Xunta relativas á violencia machista recollidas após a reunión do Consello da Xunta de Galicia do 23 de setembro de 2024** (publicada no BOPG número 95, fascículo 2, do 2 de outubro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"Para o Goberno galego a loita contra a violencia de xénero e unha prioridade, e sobre todo, un compromiso social e político. Por iso Galicia conta con programas e actuacións que redundan en beneficios das mulleres vítimas de violencia de xénero, e tamén conta con programas preventivos que visibilizan a violencia e conciencian á poboación de que o único camiño para lograr a igualdade pasa por erradicar a violencia de xénero.

Galicia foi a primeira Comunidade en implantar a renda periódica para vítimas de violencia de xénero.

Tamén financiamos un programa de abono de alugueiro, ofrecendo así ás vítimas a posibilidade de acceder a unha vivenda en réxime de alugueiro, bono que resulta compatible coa axuda antes mencionada. Pero aínda máis, o bono de alugueiro é compatible co ingreso mínimo vital e coa Risga.

Ao mesmo tempo, a Xunta dispón de varios programas tendentes a lograr a estabilización emocional das mulleres e nenos/as vítimas de violencia de xénero. Así, posuímos un programa de axuda e terapia psicolóxica ao dispor das mulleres antes mesmo de iniciar calquera acción xudicial. Este programa esta financiado polo Goberno galego e é impartido polo colexio de psicoloxía de Galicia.

Galicia tamén conta con programas psicolóxicos dirixidos a estas mulleres, así como terapias ante agresións sexuais, realizados pola fundación Meniños, institución cunha gran bagaxe nestes temas.

Unha preocupación que sempre albergamos é o intento de lograr a independencia total das vítimas, tanto animicamente como economicamente. Así, a Xunta financia varios programas a fin de lograr que ditas mulleres, algunhas delas con moi pouca formación, accedan ao mercado laboral.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: e81d9268-5a19-5bb5-2ff9-f0bfb0281730
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:40
Nº Rexistro: 14318
Data envio: 11/11/2024 10:15:40.828

Por último, e non menos importante, contamos con programas de visibilización e concienciación para involucrar a toda a sociedade na loita contra esta lacra social."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

CVE-PREPAR: e81d9268-5a19-5bb5-2ff9-f0bfb0281730
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:40
Nº Rexistro: 14318
Data envio: 11/11/2024 10:15:40.828

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:40**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14445
Data envio: 12/11/2024 18:49:38.482
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11791**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, sobre **"o criterio que ten a Xunta de Galicia respecto da necesidade de ampliación da planta do partido xudicial de Carballo e do incremento do cadro de persoal dos seus xulgados"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Os datos avalan que resolver a situación dos xulgados de Carballo, no que respecta á resolución de procedementos, require, máis que reforzar o persoal, reorganizar o traballo nos xulgados. Unha decisión que compete ao Letrado da Administración de Xustiza".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BORISDPCFdUkMoG3e7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 21a6e038-4b30-3b22-6f45-c4bcd7a409c5



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14445
Data envio: 12/11/2024 18:49:38.482

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:38**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14444
Data envío: 12/11/2024 18:49:32.435
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11804**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da Oficina Agraria Comarcal da Pobra de Trives no referido á súa dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural ten previsto na Relación de Postos de Traballo unha dotación suficiente de persoal administrativo, veterinario e técnico agrario para garantir a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro. Neste senso, esta oficina agraria conta con dous postos de persoal administrativo.

Ademais, na última modificación da RPT da CMR creáronse a maiores en cada xefatura territorial 4 postos de persoal de apoio ás oficinas rurais, entre eles, un posto de persoal administrativo itinerante coa función, entre outras, de prestar servizo en oficinas nas que por causas puntuais teñan ausencias ou baixas temporais (vacacións, incapacidade temporal,...)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: c5859610-56d8-e3d8-9f87-e057295cea05
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14444
Data envio: 12/11/2024 18:49:32.435

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:32**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14443
Data envio: 12/11/2024 18:49:26.544
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11862**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas no referido á dotación de persoal e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura das súas prazas vacantes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural ten previsto na Relación de Postos de Traballo unha dotación suficiente de persoal administrativo, veterinario e técnico agrario para garantir a atención presencial á cidadanía e o funcionamento do rexistro. Neste senso, esta oficina agraria conta con dous postos de persoal administrativo.

Ademais, na última modificación da RPT da CMR creáronse a maiores en cada xefatura territorial 4 postos de persoal de apoio ás oficinas rurais, entre eles, un posto de persoal administrativo itinerante coa función, entre outras, de prestar servizo en oficinas nas que por causas puntuais teñan ausencias ou baixas temporais (vacacións, incapacidade temporal,...)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 7a8bcdf2-1d40-d4f9-4372-758491fdd1a1
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14443
Data envio: 12/11/2024 18:49:26.544

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:26**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:33
Nº Rexistro: 14317
Data envio: 11/11/2024 10:15:33.828
Data 11/11/2024 10:15

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12037**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa Dona Paloma Castro Rey e otros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar, a formación en igualdade das persoas que prestan neles os seus servizos e as previsións da Xunta de Galicia relativas á ampliación da rede"** (publicada no BOPG número 98, do 10 de outubro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.
- Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
- Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr posibles situacións de violencia.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas.

Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, os profesionais dos Puntos de Encontro Familiar tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-Ph1UHbd3-57
Verificación: CVE-PREPAR: 83bfa4f7-6244-66e9-10b3-7a433eae0633
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:30

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:33
Nº Rexistro: 14317
Data envio: 11/11/2024 10:15:33.828

das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar e a realizar coas maiores garantías posibles.

En todo caso, os Puntos de Encontro Familiar traballan sempre baixo o principio de temporalidade, é dicir, trabállase sempre de cara a normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

En canto aos profesionais que traballan nos Puntos de Encontro, falamos de equipos multidisciplinares que están compostos, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes do ámbito da psicoloxía, pedagoxía, psicopedagoxía, dereito, traballo social ou educación social.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca de Barbanza.

O Goberno galego iniciou polo tanto nesta comarca de Barbanza a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar, conscientes de que era necesario ampliar o número de puntos de encontro familiar para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, xa se teñen iniciado as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos puntos de encontro familiar nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede.

O obxectivo desta actuación é ter unha cobertura máis ampla deste servizo, reducindo a duración dos desprazamentos que teñen que facer as familias e, sobre todo, os nenos e nenas destes núcleos familiares para ver aos seus proxenitores.

Neste sentido, a Xunta de Galicia leva meses traballando na posta en marcha de tres novos puntos de encontro familiar nas comarcas da Mariña, do Deza e de Monterrei.

Grazas á colaboración dos concellos de Lalín e Cervo, xa están a disposición da Xunta de Galicia os inmobles onde se ubicarán estes novos servizos totalmente gratuítos para as familias da comarca, e as obras de adaptación dos inmobles xa foron licitadas. No caso do Concello de Verín, o inmoble onde se ubicará o Punto de Encontro Familiar é propiedade da Xunta de Galicia e as obras de remodelación xa están rematadas.

En resumo, a Xunta de Galicia xa ten avanzado nos últimos meses en toda a tramitación administrativa para a posta en marcha dos tres novos puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, o que permitirá analizar a creación doutros servizos similares noutras zonas de Galicia."

CSV: BOPGDSPGGPtLuVHoul3o57
Verificación: CVE-PREPAR: 83bfa4f7-6244-66e9-10b3-7a433eae0633
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:33
Nº Rexistro: 14317
Data envio: 11/11/2024 10:15:33.828

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 83bfa4f7-6244-66e9-10b3-7a433eae0633
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:33
Nº Rexistro: 14317
Data envio: 11/11/2024 10:15:33.828

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:33**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:26
Nº Rexistro: 14316
Data envío: 11/11/2024 10:15:26.719
Data 11/11/2024 10:15

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12085**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Don Ramón Fernández Alfonzo e otros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira, as inspeccións realizada s neste centro pola Consellería de Política Social e Igualdade e a súa postura ante a posibilidade de cambio de modelo no servizo de comedor"** (publicada no BOPG número 98, do 10 de outubro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia garante como no podía ser doutro xeito a calidade do servizo de comedor na Residencia pública de Ortigueira, incluída na rede de centros xestionados polo Consocio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Dende o Consorcio optouse dende fai anos polo servicio de comedor a través da cociña de "V gama" (quinta gama) para atender o servizo de comedor en todos os centros de atención a persoas maiores da súa rede. Desta forma, poden distribuír menús completos, equilibrados, variados e adaptados ás necesidades nutricionais e gustos e hábitos culinarios das persoas usuarias de todos estes recursos.

Esto permite, polo tanto, deseñar unha dieta específica para cada unha das persoas maiores, conforme á utilización de produtos naturais, equilibrados e sinxelos, que dan resposta ás súas necesidades dietéticas específicas, tendo en conta, no seu caso, as súas prescricións médicas, pero tamén á súa memoria e preferencias gastronómicas.

Neste senso a empresa adxudicataria deste servizo de comedor, conforme aos pregos do contrato, realiza con frecuencia exhaustivos controis de calidade para garantir unha óptima prestación do servizo. Ditos controis, van dende catas semanais efectuadas polo departamento de nutrición e calidade para analizar o punto de cocción dos diferentes alimentos así coma o seu sabor e análises organolépticos co obxectivo de acadar un grao de satisfacción do servizo cada vez maior entre os usuarios. Por outra banda, tamén se fai unha análise sistemática das materias primas empregadas, estudando e escollendo, de xeito minucioso, as que mellor se adaptan a cada receita das propostas polo departamento de I+D+i, dependendo da tipoloxía de cada dieta e das necesidades nutricionais de cada usuario. O equipo técnico do Consorcio fai tamén un

CSV: BOPGDSPGWJvAbc8c-7
Verificación: CVE-PREPAR: 4cdd2fb5-9737-8267-a9c8-4ed009bb05e9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:26
Nº Rexistro: 14316
Data envio: 11/11/2024 10:15:26.719

estrito seguimento do cumprimento destes requisitos por parte da empresa que presta o servizo.

Todos os menús son deseñados e supervisados polo Departamento de Nutrición e Dietética da empresa, tendo en conta as necesidades alimentarias, gasto calórico e estado físico das persoas usuarias e as súas particularidades, polo que se trata sempre dun menú adaptado as necesidades particulares de cada usuario, segundo o informe médico aportado.

O citado sistema de "V gama", garante os maiores estándares de seguridade alimentaria, as maiores posibilidades na elaboración de dietas adaptadas ás circunstancias de cada usuario e o maior control do equilibrio nutricional que deben cumprir ás dietas.

En definitiva, despois de mais dunha década aplicándose este sistema en mais dun cento de centros para persoas maiores dependentes do Consorcio, atendendo así diariamente a 2.500 usuarios na nosa rede de CAPM, o nivel de satisfacción xeral é moi bo e non está prevista ningunha modificación, o cal non significa que non prestemos atención a canta valoración, achega ou suxestión poidamos recibir, en favor da mellora continúa do servizo.

En referencia ás inspeccións, o persoal inspector da Consellería de Política Social e Igualdade comproba a disposición de dietas específicas ás necesidades de ditas persoas, así como que os menús programados estean supervisados e asinados por persoal facultativo, que estean expostos e coincidan co efectivamente servido.

Así tamén, constátase a existencia de alimentos variados e suficientes nas despensas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**RESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 4cdd2fb5-9737-8267-a9c8-4ed009bb05e9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:26
Nº Rexistro: 14316
Data envio: 11/11/2024 10:15:26.719

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:26**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14442
Data envío: 12/11/2024 18:49:20.357

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta , sobre **“os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 12248 e debatida no Pleno do día 5 de novembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGNmNDg4MDEtYjcxZC00Zjk3LTlmZjMtZjIyODRkOWNkYjA2&start=6795 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**
**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 2e288031-97f5-cac8-8172-389b4fffab7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14442
Data envio: 12/11/2024 18:49:20.357

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:20

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14441
Data envio: 12/11/2024 18:49:13.795
Data 12/11/2024 18:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12290**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás axudas de 2024 destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias e á incorporación de xente nova ao sector, así como no referido á convocatoria de 2025"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na interpelación con número 12285 e debatida no Pleno do día 6 de novembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjNlZDg1MjktNGJlZi00ZGVlLWJkYmYtMDZkZTJkNTAwYWFh ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-PdUVJ6k6c-7
Verificación: CVE-PREPAR: b8df5700-5e42-fec3-e938-597bca5a0654
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:49:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14441
Data envio: 12/11/2024 18:49:13.795

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:13**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12880**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras deputadas, sobre **"o grao de desenvolvemento da atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista e o cumprimento do artigo 25 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia a atención psicolóxica ás vítimas é prioritario, e podemos dicir que contamos cun dos servizos de tratamento psicolóxico para as vítimas de violencia de xénero, tamén de violencias sexuais, máis completos de España.

Trátase dun programa de intervención terapéutica a través de profesionais acreditados e formados na atención ás vítimas de violencia para acompañar ás mulleres na adquisición de habilidades para afrontar as consecuencias da violencia sufrida e diminuír as condicións de vulnerabilidade.

No ano 2023 beneficiáronse desde programa preto de 1.500 persoas, sendo máis de 300 menores os que foron asistidos con estas terapias. Por outra banda, a quenda de garda psicolóxica atendeu a 80 persoas.

Este ano 2024 destínanse 760.000 euros a este plan que aglutina distintos servizos de atención psicolóxica integral, especializada e gratuíta para persoas en situación de violencia de xénero, así como abuso sexual e menores agresores. O plan desenvólvese a través de convenios de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Fundación Meniños, e estímanse que este ano poidan beneficiar a máis de 1.800 persoas.

Na actualidade existe máis concienciación e cada vez son máis as mulleres que deciden presentar denuncias. Por iso, e a pesar de que Galicia posúe un dos índices máis baixos do Estado en delitos contra a indemnidade sexual, o Goberno galego aumentou o orzamento para este programa.

Ademais da atención psicolóxica ás vítimas de violencia sexual, tamén se presta **atención integral** ás mulleres en situación de explotación sexual e a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual ou laboral".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGEtuUbRK63-7
Verificación: CVE-PREPAR: 7e2c2277-5837-6054-38b3-ad1ce6edc035
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:38
Nº Rexistro: 14501
Data envio: 14/11/2024 12:19:38.059

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 7e2c2277-5837-6054-38b3-ad1ce6edc035
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:38

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:31
Nº Rexistro: 14500
Data envío: 14/11/2024 12:19:31.653
Data 14/11/2024 12:19

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13019**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"o número de persoas beneficiarias, as contías e a distribución xeográfica do Bono Coidado no Fogar"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Bono Coidado no Fogar da Xunta de Galicia é unha axuda pública directa de 5.000 euros ao ano para todas as persoas que teñen recoñecida a dependencia e que son coidadas nos seus fogares por un familiar, veciño ou persoa da súa confianza.

Todas aquelas persoas que teñan a dependencia recoñecida e reciban un servizo diferente ao bono na contorna familiar e queiran ter o Bono Coidado no Fogar deben acudir aos servizos sociais do seu Concello ou do seu centro de saúde para solicitar o cambio.

E nos casos de persoas potencialmente dependentes que non teñan a súa situación recoñecida, o primeiro que teñen que facer é acudir aos servizos sociais do seu Concello ou centro de saúde para iniciar o proceso de valoración. Unha vez que este se resolva, serán os profesionais do equipo de valoración o que determine o recurso que máis se adapte ás súas necesidades, ben sexa o Bono Coidado no Fogar ou calquera outro do sistema autonómico de atención á dependencia.

En Galicia **máis de 20.000 persoas** xa se benefician do Bono Coidado no Fogar, ao que a Xunta destina 100 millóns de euros. E os orzamentos para o ano 2025 incrementan esta partida nun 31% ata os 126,7M€, boa mostra do éxito desta iniciativa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 44d0b009-af17-05f2-e981-1e6172ddcd62
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:31
**Nº Rexistro: 14500**
Data envio: 14/11/2024 12:19:31.653

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:31**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:25
Nº Rexistro: 14499
Data envio: 14/11/2024 12:19:25.231
Data 14/11/2024 12:19



**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13024**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"Sobre o atraso na publicación das memorias anuais da Consellería de Política Social e Igualdade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Plan xeral de xestión e mellora da calidade do servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023 preveu, nas súas medidas 2.2 e 2.3, a realización e publicación de memorias de actividade e memorias balance da actividade desenvolvida polas entidades instrumentais e polos distintos departamentos da Administración xeral da Xunta de Galicia, como un instrumento de transparencia e de rendición de contas ante a cidadanía.

Así, tendo en conto o previsto no citado plan xeral desde o ano 2022 a Xunta de Galicia ven publicando no Portal de Transparencia as memorias balance das consellerías e os resumos executivos das entidades instrumentais.

Neste momento se atopan a disposición da cidadanía a Memoria Balance da Consellería de Política Social do ano 2021 e a Memoria Balance da Consellería de Política Social e Xuventude do ano 2022.

A Memoria Balance da Consellería de Política Social e Xuventude do ano 2023 será obxecto de publicación proximamente, xunto coas memorias das demais consellerías e entidades instrumentais da Xunta de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGGvUjPXxad36-7
Verificación: CVE-PREPAR: fbc5e8a3-6171-3e26-1947-80a465f2af81
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:25
Nº Rexistro: 14499
Data envio: 14/11/2024 12:19:25.231

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:25**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13033**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outras deputadas, sobre **"a titularidade e o tipo de xestión que a Xunta de Galicia vai garantir no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como informou a conselleira de Política Social e Igualdade en sesión plenaria do día 23 de outubro a unha pregunta oral sobre este tema, a Xunta porá en marcha nos primeiros meses de 2025 esta infraestrutura, cuxas obras están rematadas e que conta xa con todo o equipamento necesario.

O Goberno galego investiu un total de 10 millóns de euros neste centro, que pasará a formar parte da rede pública autonómica e contará con 110 prazas públicas de atención diúrna e residencial.

Grazas ao investimento da Xunta, Ourense contará cun centro de vangarda que terá como finalidade ofrecer "un servizo público especializado, accesible e da mellor calidade" ás persoas con discapacidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGFcL1bmf0y2-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: b7587da9-daf7-5d12-d911-b0933e4dc305



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:19
**Nº Rexistro: 14498**
Data envio: 14/11/2024 12:19:19.044

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:19**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14439
Data envío: 12/11/2024 18:49:00.342

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13115**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego orientadas a afrontar os danos producidos no sector agrario da Limia polas condicións meteorolóxicas deste ano"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 13293 e debatida no Pleno do 22 de outubro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmE3ZDk5YzAtYjU4MC00NDViLTlkNTUtNGUzMmZiMmMxZTE3 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**
**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: eb3e9c83-81d3-3922-c2a5-b4184c19bb00
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/11/2024 18:48:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 14439
Data envio: 12/11/2024 18:49:00.342

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2024 18:49:00**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:12
Nº Rexistro: 14497
Data envío: 14/11/2024 12:19:12.388
Data 14/11/2024 12:19

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13126**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego en relación cos compromisos que adoptou respecto da aprobación dun estatuto e do impulso dun plan estratéxico para a muller rural galega"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, prevé a creación dos Estatutos das mulleres do rural e do sector marítimo-pesqueiros. Nestes momentos, a Xunta de Galicia está traballando na redacción destes dous estatutos e abrirase un diálogo coas entidades representativas das mulleres no rural e no sector marítimo-pesqueiro.

Ademais, a Lei 7/2023 tamén inclúe a creación do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, que contarán cunha sección do mar e outra do rural, e servirá como órgano asesor e de análise da situación de ambos eidos. Estase traballando para que en 2025 estea posto en marcha.

Ambas as dúas accións son prioritarias e estase axilizando o máximo posible o traballo para que estean resoltas canto antes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: d9422754-a2a7-b078-f179-faa9bbbd7062
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:12
**Nº Rexistro: 14497**
Data envio: 14/11/2024 12:19:12.388

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:12**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13134**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas, sobre **"a acumulación da dobre discriminación, por idade e por xénero, que sofren as mulleres maiores e as medidas que está a tomar o Goberno galego dirixidas a mellorar a súa calidade de vida"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é consciente de que os factores de discriminación por razón de sexo e maior idade agrava a situación de desigualdade entre mulleres e homes.

A Lei 7/2023 do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recolle o principio transversal da dimensión de xénero e, no seu artigo 20.2 h), establece como criterio de actuación en aplicación deste principio que se "considere as desvantaxes especialmente sufridas polas mulleres con discapacidade, ...., as mulleres maiores, as mulleres de etnia xitana ou doutras minoritarias, as mulleres migrantes e as demais mulleres en situación de discriminación múltiple ou interseccional ao longo de todo o seu ciclo vital."

Tamén temos que facer referencia ao artigo 75 da lei que se refire de xeito específico ás mulleres maiores e no que se refire a que a "serán obxecto de especial tratamento as situacións de discriminación múltiple ou interseccional por mor do sexo e a idade maior, ou por mor do sexo, a idade maior e outros factores de discriminación, ao considerar que a confluencia de dous o máis factores de discriminación ten un efecto exponencial na situación de desigualdade."

Neste sentido, os 84 Centros de Información á muller (CIM) que dan servizo a 200 concellos son un recurso que proporciona unha atención integral ás mulleres, dun xeito prioritario ás vítimas de violencia de xénero, así como a calquera muller en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social. Os CIM atenden a todas as mulleres que o demanden e, dentro do rango de idade, ás mulleres de máis de 55 anos que residen no rural son un dos colectivos que demandan unha maior atención.

Ademais, a Xunta de Galicia ten en marcha axudas ao fomento do asociacionismo de mulleres que desenvolvan actividades singularizadas en materia de igualdade, de

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGdJdUVlc03c-7
Verificación: CVE-PREPAR: 69ae2810-b5c8-69b5-5024-d29cfc1240a3
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:19:01

prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade. Do mesmo xeito, o programa de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF e do imposto de sociedades, desenvólvense programas de entidades do Terceiro Sector de Acción Social e a Cruz Vermella Española. Neste sentido, comprenden actuacións de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e as súas familias, entre as que teñen especial relevancia as mulleres maiores.

Por outra banda, tamén contamos con axudas de promoción da Igualdade e prevención da violencia de xénero destinadas ás entidades locais a través dos que os concellos desenvolven diferentes accións onde as mulleres de maior idade teñen unha participación salientable. Ao igual que acontece cos apoios a entidades de iniciativa social para a atención de mulleres en situación de vulnerabilidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 69ae2810-b5c8-69b5-5024-d29cfc1240a3
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:19:05
Nº Rexistro: 14496
Data envio: 14/11/2024 12:19:05.606

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:19:05**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:18
Nº Rexistro: 14315
Data envio: 11/11/2024 10:15:18.532
Data 11/11/2024 10:15

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13564**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa Dona María Elena Espinosa Mangana e Dona Silvia Longueira Castro sobre "**a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais."** (publicada no BOPG número 106, fascículo 2, do 23 de outubro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración non conta con competencias en materia de Seguridade Social e xubilacións, pero está comprometida coa prosperidade e o futuro do noso tecido produtivo e das persoas traballadoras autónomas.

Galicia conta cun 19,5% de autónomos, situándose 3,53 puntos por riba da media nacional (15,97%), centrándose especialmente en actividades de elevada cualificación e valor engadido.

Isto converxe co feito de que se destinasen preto de 125 millóns de euros nos últimos dous anos para apoiar ao colectivo.

Neste sentido, queremos ser unha Administración facilitadora, poñendo a disposición das persoas autónomas axudas, tanto para manter como para motivar a actividade. Estas axudas enmárcanse na **Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027**, que rexe as políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos, para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Entre as axudas ao traballo autónomo, destacamos as seguintes:

- Programa Impacto Autónomo.
- Implantación da cota cero.
- Programa de Promoción ao Emprego Autónomo.
- Programa Nova Oportunidade.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 999c04b1-c210-3c10-dab8-484527eb79a9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:14

- Bono Autónomo.

Galicia é unha terra de emprendedores e temos que fornecer o ecosistema de entidades que asesoren a aqueles que queren desenvolver o seu negocio no noso territorio, tanto nas cidades como no rural. Unha das nosas maiores bazas neste eido é a **Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego**, con 14 centros activos nestes intres, no conxunto do territorio, con 2.600 iniciativas empresariais atendidas desde a súa posta en marcha, hai escasos dous anos, máis de 7.000 titorías e arredor dun milleiro de reunións con entidades do territorio e centros de accións, entre formacións e eventos, tanto propios como externos.

Tamén avanzamos na súa coordinación e optimización a través do **Centro de Orientación do Emprendemento**.

Neste sentido continuamos prestándolle especial importancia ao **Diálogo Social**, co fin de avanzar na colaboración público-privada a través dun proceso de escoita activa con todos os principais axentes sociais e económicos da nosa comunidade. De feito, un dos obxectivos da Consellería nesta nova lexislatura é dotar de maior profundidade e transversalidade o devandito Diálogo Social, por todas as frontes e con todos os axentes.

As políticas de emprego están a funcionar, pero cómpre seguir traballando para cubrir as arredor de 15.000 vacantes laborais que hai en Galicia como medidas pioneiras, como a **ferramenta tecnolóxica EMi**.

Ademais, a Xunta de Galicia vai elaborar no vindeiro ano 2025 a **Estratexia Mocidade Activa**, dotada de 20 millóns de euros para incentivar a contratación de xente noca e formala para mellorar a súa empregabilidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 999c04b1-c210-3c10-dab8-484527eb79a9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:18
Nº Rexistro: 14315
Data envio: 11/11/2024 10:15:18.532

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:18**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:18:57
Nº Rexistro: 14495
Data envío: 14/11/2024 12:18:57.528
Data 14/11/2024 12:18

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13719**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da obrigatoriedade da acreditación do nivel de coñecemento da lingua galega para optar a prazas de contratación laboral temporal da súa propia administración, a eventual retirada deste requisito a través da Lei de acompañamento e a implicación que isto tería na promoción da igualdade do galego"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 6 de novembro o Conselleiro de Facenda e Administración Pública, D. Miguel Corgos López-Prado dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á pregunta oral en pleno con Nº de rexistro 13792 do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento de Galicia.

Adxuntamos o link da sesión:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODk2Y2U0NmMtNzk3Zi00NGQ1LThhMDctMWMyYTM3MDU5ZjFi&start=15524 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-RUUJnzb3e7
Verificación: CVE-PREPAR: 8cbd6fd4-f702-17f6-9857-a764a349eac4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 12:18:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 12:18:57
Nº Rexistro: 14495
Data envio: 14/11/2024 12:18:57.528

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 12:18:56**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:09
Nº Rexistro: 14314
Data envio: 11/11/2024 10:15:09.735
Data 11/11/2024 10:15

**OFICIO**

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13889**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Don Ramón Fernández Alfonzo e otros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a sinistralidade laboral no estaleiro Blascar, situado na Graña, concello de Ferrol, e a valoración que fai a Xunta de Galicia do accidente acontecido o 4 de outubro."** (publicada no BOPG número 112, fascículo 2, do 5 de novembro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** que ten o seguinte contido:

"***1.- Cantos accidentes laborais graves ou moi graves acontecidos no estaleiro da Graña constan nos rexistros da Xunta de Galicia?***

Canto a titularidade do estaleiro da Graña era da empresa *Freinaval*, ata finais do pasado ano 2019, notificáronse un total de 42 accidentes (39 leves e 3 graves), dous no ano 2008 e un no 2010.

Todos eles foron investigados polo ISSGA e a Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS).

A finais do ano 2019, a titularidade deste centro de traballo pasou a ser da empresa *Blascar*, que ten comunicado, desde esa data ata a actualidade, 35 partes de accidentes cualificados como leves, ademais dos dous partes polo falecemento de dúas persoas no accidente acontecido o 3 de outubro de 2024.

***2.- Cantos remataron nalgún tipo de sanción contra a empresa Blascar ou a súa antecesora Freinaval?***

En todos os accidentes comunicados como graves ou moi graves activouse o Protocolo de colaboración coa Fiscalía no momento que se tivo coñecemento dos sinistros, desprazándose persoal inspector de traballo e persoal técnico do ISSGA ata o lugar, co obxectivo de realizar as primeiras investigacións *in situ*. Nese momento e de maneira case inmediata, elaborouse un informe previo e, con

CSV: BOPGDSPGUJLUfa035-7
Verificación: CVE-PREPAR: bea25d21-5161-93b8-b709-e64a1d005150
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2024 10:15:04

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:09
Nº Rexistro: 14314
Data envio: 11/11/2024 10:15:09.735

posterioridade, procedeuse a unha exhaustiva investigada pola ITSS, no que figura como documento importante o informe de causas elaborado polo ISSGA.

De ser o caso, é a ITSS actuante á que lle corresponde facer unha cualificación da posible infracción e unha proposta de sanción, derivando á autoridade laboral para a depuración de responsabilidades no ámbito administrativo. Isto, sen prexuízo das dilixencias abertas polos xulgados para a depuración de responsabilidades civís ou penais, tendo estas últimas preferencia sobre as administrativas.

En canto ás sancións, a empresa *Freinaval* contou coas seguintes:

- **Dúas sancións graves por importe de 3.000€ cada unha (6.000€)**, con data do 20 de setembro do ano 2007, no xulgado nº1 de Ferrol, nas cales a sentenza confirmou as sancións por vulneración da normativa laboral, o 3 de novembro de 2011.

- **Unha sanción grave por importe de 20.000€**, con data do 10 de xuño do ano 2009, no xulgado nº1 de Santiago de Compostela, na cal a sentenza confirmou a sanción por vulneración da normativa laboral, o 29 de xullo de 2013.

- **Unha sanción grave por importe de 5.000€**, con data do 11 de outubro de 2010, da cal non houbo sentenza.

***3.- Ten constancia a Xunta de Galicia de terse realizado algunha auditoría ao Plan de prevención do centro de traballo deste estaleiro da Graña?***

A maiores das visitas que se deben á investigación dun accidente concreto, neste estaleiro realizáronse varias visitas no marco do Plan de loita, por ser unha empresa con máis de dous accidentes graves.

Realizouse outra visita, por iniciativa do ISSGA, na que se instou á empresa á elaboración da avaliación de riscos, planificación preventiva e avaliación específica

CSV: BORISDPCEGHUL-17-FaoC5-7
Verificación: CVE-PREPAR: bea25d21-5161-93b8-b709-e64a1d005150
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:09
Nº Rexistro: 14314
Data envio: 11/11/2024 10:15:09.735

de ruído e fumes de soldadura, o plan de emerxencia e a formación, así como a información dos traballadores.

A isto hai que engadirlle as actuacións derivadas das investigacións de accidentes, os dous mortais, tres graves e un de carácter leve.

Para respondes de forma concreta a esta pregunta sobre unha posible auditoría, indicar que non é competencia do ISSGA nin da ITSS o feito de auditar un Plan de prevención, de conformidade coa normativa en prevención de riscos laborais, pero como xa se indicou, instouse á empresa á elaboración de todas as actuacións de xestión preventiva e emerxencias que lle corresponde ter actualizada.

***4.- Cantas visitas ten realizado a inspección de traballo ou ISSGA a este centro de traballo que non viñesen motivadas por algún accidente?***

En canto ás visitas, realizáronse varias no marco do Plan de loita, por ser unha empresa que supera os dous accidentes graves. Nunha das visitas por iniciativa do ISSGA, instouse á empresa á elaboración de todas as actuacións de xestión preventiva e emerxencia que lle corresponde ter actualizada.

***5.- Que opina a Xunta de Galicia do accidente acontecido o día 4 de outubro no estaleiro da Graña?***

A opinión da Xunta de Galicia sobre dito accidente non é outra ca de lamentar profundamente a perda da vida de dous traballadores e as consecuencias que, no resto de compañeiros, na empresa, nas familias na sociedade en xeral, teñen este tipo de accidentes que, cunha boa xestión preventiva, poderíase ter evitado.

Lembrar que está en elaboración o informe que indicará e probará as causas do sinistro e que será a base para depurar as posibles responsabilidades en todas as ordes administrativa, civil e penal, ademais de sinalar a colaboración coa Fiscalía e os xulgados actuantes.

Na Comisión técnica de seguridade xerada pola Mesa Naval de Vigo, acordáronse as seguintes actuacións:

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: bea25d21-5161-93b8-b709-e64a1d005150
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:09
Nº Rexistro: 14314
Data envio: 11/11/2024 10:15:09.735

- A elaboración, por parte do ISSGA, dun documento de coordinación de actividades empresariais onde se especifique información importante para unha adecuada xestión preventiva para cando traballen varias empresas nun mesmo centro de traballo, como é típico nun estaleiro.

- Incremento de actuacións de seguimento e control nos estaleiros por parte da ITSS e o ISSGA.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

O Secretario Xeral Técnico,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Francisco Javier Abad Pardo

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: bea25d21-5161-93b8-b709-e64a1d005150
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2024 10:15:09
Nº Rexistro: 14314
Data envio: 11/11/2024 10:15:09.735

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/11/2024 10:15:09**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 16:36:01
Nº Rexistro: 14528
Data envío: 14/11/2024 16:36:01.237
Data 14/11/2024 16:35

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13971**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luís Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o plan galego de medición, información e protección contra o radón nas vivendas e nos centros de traballo."**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), como órgano técnico en materia de seguridade e saúde laboral da Xunta de Galicia, está a desenvolver distintas actuacións de asesoramento técnico, sensibilización e formación para facilitar o cumprimento normativo e facer fronte ao risco do radón no ámbito laboral.

Estas actuacións responden ao sinalado na **Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027**, no seu obxectivo estratéxico 2 *Mellorar a calidade da xestión preventiva para reducir a sinistralidade*, liña de actuación 2.5 *Intensificar as actuacións de prevención na exposición a substancias e axentes perigosos* que recolle, entre as súas medidas, a de **asesorar e sensibilizar ás empresas e servizos de prevención sobre as principais directrices recollidas na nova normativa laboral sobre o radón** e sobre as responsabilidades e funcións desde o ámbito da prevención, con especial atención á medición dos niveis de concentración existentes.

A continuación, indícanse as accións destacadas contidas no **Plan de actuación do ISSGA para este ano 2024**:

- Publicación e difusión dun **documento informativo sobre *O radón no ámbito laboral: obrigas preventivas*** no que se recollen, ademais da normativa de aplicación, directrices para realizar os estudos de estimación do promedio anual de radón e as medidas a aplicar para cumprir co nivel de referencia.

  A este respecto, indicar que aínda está pendente a publicación polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN) da listaxe de termos municipais nos que será obrigatoria a realización de medicións para todos os lugares de traballo situados na planta baixa ou en plantas baixo rasante.

- Realización dun **curso de formación presencial con expertos do Laboratorio de Radón da Universidade de Santiago de Compostela e do Consello de Seguridade Nuclear**, dirixido fundamentalmente ao persoal técnico dos servizos de prevención de empresas e administracións e dos gabinetes técnicos das asociacións sindicais e empresarial de Galicia.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-H2L7iMbs-87
Verificación: CVE-PREPAR: b815a421-8947-f285-5ba5-6c7569e67cf9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/11/2024 16:35:56

Nesta formación, abordáronse tanto os perigos do radón, estudos realizados e solucións para reducir os niveis en interiores, como as implicacións e responsabilidades legais para os centros de traballo e as competencias e actuacións das diferentes administracións e dos servizos de prevención.

- Realización dunha **xornada técnica** virtual, en colaboración con expertos da Universidade de Santiago de Compostela e do Consello de Seguridade Nuclear, para abordar o control do radón no ámbito laboral desde o punto de vista técnico e normativo. Esta xornada tivo lugar o 5 de xuño e asistiron 263 persoas.

- Participación e foros e xornadas organizadas por outras entidades.

O ISSGA prestará a **asistencia técnica que se demande pola Inspección de Traballo e Seguridade Social** e colaborará cos outros organismos competentes na materia, sempre no eido da mellora das condicións de traballo e a saúde da poboación traballadora. Neste contexto, compre destacar que a Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) asinou, o pasado mes de xullo, un protocolo de colaboración co Consello de Seguridade Nuclear (CSN), órgano competente nesta materia, para vixiar o cumprimento da regulamentación en materia de radón laboral.

Ademais de divulgar o coñecemento técnico e normativo para o control desde contaminante, o ISSGA colabora coa Consellería de Sanidade na elaboración e desenvolvemento da ***Estratexia galega reduce radón***, que establece as actividades a realizar polas diferentes administracións públicas en Galicia, co fin de reducir o risco para a saúde da poboación por exposición ao radón, colaborando nas medidas dirixidas ao ámbito laboral".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: b815a421-8947-f285-5ba5-6c7569e67cf9
CSV: BOPGDSPG-PSZgYMbc8-87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2024 16:36:01
Nº Rexistro: 14528
Data envio: 14/11/2024 16:36:01.237

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2024 16:36:01**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-PUJUnoo3c-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/